





ANTEPROXECTO DE XESTIÓN, EXPLOTACIÓN E OBRAS DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO CASTRO





1.- INTRODUCCIÓN.-

A elaboración dun anteproxecto de xestión e explotación do Centro de Recría, responde ás previsións recollidas no artigo 133.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no artigo 122 do Decreto de 17 de xuño de 1995, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 183 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Para a redacción do presente anteproxecto tómase como partida o Informe da “Asistencia técnica para a análise e mellora da memoria de actividade do proxecto do centro de recría na granxa Gayoso” elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) por encarga da Deputación Provincial de Lugo en data 13 de xuño de 2016. Os datos económicos están sacados directamente do citado Informe.

2.- DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS DO CENTRO DE RECRÍA.-

Proxéctase a explotación do centro público de recría ubicado en Castro Ribeiras de Lea (Castro de Rei), na provincia de Lugo (Ver planos do documento Anexo I).

O complexo de edificacións e instalación está formado por instalacións e construcións xa existentes, outras reformadas e a maioría de recente creación. Das instalacións executadas de novo cabe destacar trece naves de recría que ocupan 25.000 metros cadrados nunha zona de instalacións de 86.000 m², consta de 128,2 hectáreas de extensión superficial total incluíndo as parcelas para o cultivo e una capacidade máxima para 2.736 xovencas.

No Anexo I recóllense grafadas as dependencias (instalación e construcións) e superficie da finca adscrita á explotación e funcionamento do Centro de Recría.

A explotación conta con instalacións do gando, unha planta de biogás e parcelas para o cultivo de forraxe.



As instalacións do gando están compostas por:

- Tres naves xa existentes que foron acondicionadas na súa estrutura para estancia das primeiras 6 semanas, pero que carecen do equipamento interior para o aloxamento dos animais en período de corentena, de enfermería e da instalación para o preparado do lacteo-remprazante e da súa limpeza.
- Plataforma en formigón sen cubrir con 270 boxes individuais e 105 colectivos para a segunda fase da lactancia e que ten adxacentes 5 silos para o concentrado.
- 13 naves de recría con estabulación libre, cubículos con cama de goma e limpeza por arrobadeira. Por estas naves irán pasando os animais destetados segundo avance a súa idade ata a súa saída do Centro. Cada nave ten unha capacidade media para 200 animais. Están dotadas cun total de 2.200 cubículos, 2.200 camas de goma EVA e 2.200 cornadizas automáticas, ademais de 208 bebedeiros e un sistema de limpeza automática de arrobadeira.
- 12 silos para o almacenamento de forraxe situados de modo adxacente ás naves, que contan cunha plataforma en formigón para las tarefas de encher os silos e do seu subministro ao gando.
- 10 silos de concentrados colocados de forma paralela aos de forraxe e con espazo para poñer 6 máis.
- Fosas de xurro conectadas coa planta de biogás
- Lazareto para os animais enfermos.
- Dous rodiluvios, instalacións de desinfección de vehículos situadas nas entradas do recinto.
- Outras edificacións existentes sen reformar como unha edificación para vivenda e oficinas, un pequeno edificio de oficinas ou para caseta de control de acceso, o edificio principal de oficinas que se compartirá coa Deputación Provincial e será de uso para a concesionaria a planta primeira do mesmo.
- Outras edificacións reformadas como un almacén e taller de maquinaria agrícola, un almacén de herba, un garaxe do parque de maquinaria agrícola, un edificio de control, unha



edificación con vestuarios, almacéns, aseo, caldeiras e pequeno local de lecer para os empregados do centro de recría.

- Unha manga para o manexo do gando de 700 m de lonxitude.
- Peche perimetral de toda a área do Centro de Recría.

A planta de biogás ten cunha capacidade de produción de 300 Kw de enerxía eléctrica cun tratamento previsto de 32.000 m³ de puríns, esterco e residuos vexetais e 1.700 megavatios térmicos esta composta por:

- As conducións de recollida de xurros procedentes das instalacións do gando.
- Carro mesturador á entrada dos dixestores que permite incorporar os restos de camas do gando e outros residuos sólidos.
- Dous dixestores de metano.
- Instalacións para a recollida dos gases dos dixestores, queimador do metano e motor con turbina para a xeración de electricidade e a súa utilización no Centro de Recría
- Instalación de separación de sólidos e 5 silos cubertos de almacenaxe de sólidos.
- Unha balsa de dixestato de 5.780 m³ conectada coa planta de biogás para a recollida e almacenaxe dos líquidos resultantes do dixestor de biogás.

No Anexo I ao presente anteproxecto detállase unha valoración da finca, instalacións e edificacións postas a disposición do Centro de Recría.

3. OBXECTIVOS.-

- Obxectivos sociais antes que os puramente económicos. Ao situarse nunha Provincia cun forte declive poboacional, a actividade potenciará aos sectores tradicionais agrícolas e gandeiros das poboacións e creará postos de traballo.



- Obxectivos económicos: a súa función permite mellorar a rendibilidade das explotacións gandeiras, reducindo o custo de oportunidade que a recría produce nas explotacións gandeiras de vacún de leite, debido ás limitacións de espazo nas mesmas; por tanto fornecerá a actividade económica na provincia e axudará ao asentamento de poboación en zonas rurais despois de que mellorará os cocientes económicos e sanitarios dunha actividade radicada en zonas rurais.
- Obxectivos sanitarios: desde o principio os controis e protocolos de control sanitario serán moi estritos e de rigorosa aplicación, xa que é un factor moi importante no sector gandeiro. Haberá que cumprir como mínimo, os esixidos no prego de prescricións técnicas.
- Obxectivos gandeiros: un capítulo importante centrarase no control da mellora xenética e os aumentos de produción derivados dela. Este control realizado por profesionais cualificados garantirá unha liña de mellora xenética continua.
- Obxectivos ambientais, considerando que a obra civil comprende unha planta de biogás que permitirá transformar en enerxía o cento por cento dos residuos que se xeren, facendo que o centro de recría sexa autosuficiente. É dicir, "supoñerá que os custos enerxéticos destas instalacións sexan de cero euros e contribuirá a unha xestión racional e sustentable". Deberán efectuarse todas as actividades materiais e administrativas que sexan necesarias para a súa posta en funcionamento, tanto a nivel das licenzas requiridas como entre outros a de contratación de subministro de gas á planta de biogás para poder poñer quentar os dixestores e que comece o proceso de fermentación e produción de metano.

Segundo as enquisas gandeiras do ano 2015 detalladas nas seguintes táboas a provincia de Lugo é a que ten máis número de animais bovinos e tamén a que ten un maior número de femias para reposición.



ENCUESTAS GANADERAS, 2015 GANADO BOVINO							
Análisis provincial del censo de animales por tipos, NOVIEMBRE 2015 (número de animales)							
Provincias y Comunidades Autónomas	Total	Animales menores de 12 meses			Animales de 12 a menos de 24 meses		
		Destinados a sacrificio	Otros		Machos	Hembras para	
			Machos	Hembras		Sacrificio	Reposición
Coruña (La)	335.654	71.678	1.442	13.983	749	4.417	39.262
Lugo	451.970	106.329	3.038	16.095	1.189	5.072	45.549
Ourense	63.724	30.605	706	979	325	372	3.244
Pontevedra	100.521	24.760	313	3.612	512	1.540	10.600
GALICIA	951.868	233.372	5.499	34.669	2.775	11.401	98.654
ESPAÑA	6.182.908	1.693.874	175.575	455.190	191.534	132.105	462.736

ENCUESTAS GANADERAS, 2015					
GANADO BOVINO					
Análisis provincial del censo de animales por tipos, NOVIEMBRE 2015 (número de animales)					
Provincias y Comunidades Autónomas	Animales de dos o más años				
	Machos	Novillas		Vacas	
		Sacrificio	Resto	Lecheras	Resto
Coruña (La)	1.261	24	460	153.304	49.074
Lugo	3.162	52	987	161.358	109.140
Ourense	862	11	214	2.736	23.670
Pontevedra	621	10	193	42.896	15.465
GALICIA	5.906	98	1.853	360.294	197.349
ESPAÑA	124.221	17.741	167.157	844.114	1.918.661

4. ESTUDIO DE VIABILIDADE.-

4.1. INSTALACIÓNS E INVESTIMENTOS COMPLEMENTARIOS NECESARIOS.

Comprenderán:

1. Entrada e corentena dos animais: non se dispón actualmente dun sistema de selección de animais, nin de boxes colectivos para a clasificación dos mesmos.



2. Tanque mesturador de leite en po ou máquinas expendedoras para o seu reparto: na área de boxes individuais necesitarase un cuarto onde almacenar leite en pó, ao igual que un tanque mesturador ou máquinas expendedoras de leite.
3. Instalación de limpeza de cubos e adaptación da instalación existente cunha pileta de aceiro inoxidable para o lavado de cubos e tetiñas.
4. Cubrición dos comedeiros na área de boxes dos becerros en lactación con dúas posibles opcións:
 - 4.1. Cubrir a zona de boxes cunha cuberta portátil para non ter que facer construción.
 - 4.2. Cubrir tan só a zona onde se deposita o alimento (forraxe, penso e leite) cunha chapa de aceiro.
5. Poñer un material illante nos comedeiros dos establos: unha resina, aceiro ou outro tipo de material para facilitar a boa limpeza.
6. Instalar baños podais nos establos.
7. Aumentar o número de bebedeiros nos establos.
8. Aumentar a superficie de silos para o almacenamento de forraxe mediante a unión de dous dos silos sobre o espazo existente entre eles, resultando así seis silos, sendo necesario construír unha nova plataforma de formigón coa posibilidade de aumentar tamén a altura con prefabricado de formigón.
9. Aumentar os silos de concentrados.
10. Ampliación e adecuación do lazareto existente.
11. Báscula de camións: para cuantificar as descargas que se efectúen no centro.
 - 11.1. Báscula para pesar os animais á entrada do centro.
12. Adaptación do estercoleiro para os residuos sólidos procedentes do dixestor. Na instalación existente hai un problema para o manexo pola reducida altura do



separador e para o traslado do material do silo 1 ao 5. Proponse a construción dun novo estercoleiro, a situar na parte de atrás dos dixestores para colocar o separador de sólidos a maior altura e evitar así os problemas existentes para o movemento do material.

13. Maquinaria de distribución alimentos e atención a animais destetados como son o carro mesturador, tractores, unha telescópica, entre outras.

4.2. BASES TÉCNICAS DO ANTEPROXECTO DE OBRAS.

A adecuación da nave de entrada de animais e a de cubrición de boxes colectivos está prevista no proxecto “Cuberta boxes de novillas e centro recría e adaptación nave 1 (EX020OB216AB)” aprobado na Xunta de Goberno do 18/11/2016 cun presuposto base de licitación de 240.495,87 €. Este proxecto vai a executarse con cargo a fondos da Deputación Provincial.

A maiores do detallado é necesario segundo a Memoria de actividade do “Proxecto de construción de centro de recría na Granxa Gayoso-Castro. Lugo” a produción de xurro no centro de recría é de 25.522,97 m³ ao ano. Posto que a capacidade da balsa actual de dixestato é de 5.780 m³ será necesario a realización dunha nova balsa de dixestato de aproximadamente 20.000 m³. As características da nova balsa serán similares a xa existente, enterrada, con sección trapezoidal, con impermeabilización mediante lámina de polietileno de alta densidade de 1,5 mm de espesor, protexida mediante unha cuberta flotante realizada con membrana de polietileno de 1,2 mm de espesor. Para o anclaxe das distintas láminas e a cuberta realizarase un murete de formigón de 20x20 cm en todo o seu contorno. A balsa protexerase mediante unha valla de malla electrosoldada para evitar o acceso do persoal e elementos anexos a mesma.

Á balsa chegará a fracción líquida, procedente das esterqueiras mediante canalización enterrada, onde se almacenará, de forma que quede lista para a súa aplicación. Do mesmo modo a balsa conectarase na súa parte baixa, cun pozo de rexistro a través do cal os vehículos agrícolas poderán extraer esta fracción líquida.

A balsa de dixestato construírase nas inmedacións da existente e a carón dos dixestores, na finca que se cede o seu uso por parte da concesionaria.



A balsa para o dixestato de 20.000 m³ ten un custe de realización de aproximadamente 220.000 €.

Tamén é necesario instalar 2 analizadores de redes eléctricas para poder computar de forma individual a enerxía eléctrica consumida no centro de recría e a consumida polo resto da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial, o custe estimado de instalación dos 2 analizadores de redes é de 5.000 €.

Tanto a balsa de dixestato a construír como os analizadores de redes eléctricas cumprirán as prescricións técnicas detalladas no Prego de condicións técnicas.

Posto que as obras de construción da balsa de dixestato e a instalación dos 2 analizadores de redes eléctricas supoñen un importe similar ao contemplado no proxecto “Cuberta boxes de novillas e centro recría e adaptación nave 1 (EX020OB216AB)” o cálculo económico realizado pola USC no seu Informe sería válido.

Detállase a estimación de custo dos investimentos complementarios de infraestruturas e maquinaria necesarios para o funcionamento do Centro de Recría segundo informe da USC. A seguinte táboa inclúe unha estimación dos investimentos complementarios e da maquinaria necesaria para o funcionamento do Centro de Recría.

Instalacións	€
Adecuación nave de entrada animais*	40.000
Cubrición boxes colectivos (patio)*	40.000
Illante comedeiros	78.000
Silos formigón (unión)	81.000
6 silos de concentrado	72.000
Adecuación esterqueira	45.200
Adecuación Lazareto	22.600



SUBTOTAL Instalacións	378.800
Maquinaria	€
Tractor 1	75.000
Tractor 2	90.000
Tractor 3	110.000
Telescópica	40.000
Carro mesturador 1	130.000
Carro mesturador 2	130.000
Arrimador comida 1	2.500
Arrimador comida 2	2.500
Tanque mesturador	12.500
Báscula xovencas	6.500
Equipo informático	3.000
SUBTOTAL Maquinaria	600.500
Outros	€
Cubos+ tetinas	6.000
Fregadeiro inoxidable	1.500
TOTAL INCREMENTOS COMPLEMENTARIOS	986.800

* Actuacións a realizar coa execución do proxecto "Cuberta de boxes de novillas en centro recría e adaptación nave 1. (EX0200B216AB).



5. ESTUDO ECONÓMICO, CUSTE POR ANIMAL.-

Está referido ao custo medio por cabeza para o total dos 2.736 animais que estarían no Centro nas distintas fases de recría segundo o Informe da USC. Os custes van agrupados en tres conceptos: alimentación, sanidade e xerais. Os dous primeiros están calculados sobre o total do período de recría de 630 días e o terceiro sobre una base anual sendo transformado o seu importe por ciclo mediante o correspondente coeficiente de 630/365.

5.1. CUSTES DE ALIMENTACIÓN.

	Kg alimentos/cabeza recría	€/cabeza
Leite	240	72,0
Concentrado 1	260	80,6
Herba seca	118	5,9
Silo millo	2.970	118,8
Silo herba	4.800	240,0
Palla	1.488	89,3
Concentrado 2	2.423	702,5
	TOTAL	1.309,1

5.2. CUSTES DE SANIDADE DO GANDO.

Comprende os custes de sanidade en toda a permanencia do animal no centro de recría como son:



- Descornado
- Podoloxía
- Reprodución
- Medicinas e gastos veterinarios
- Hixiene: luvas, deterxentes, etc.

5.3. CUSTES XERAIS

No apartado de custes xerais están incluídos os seguintes:

- Seguros: MER, responsabilidade civil e seguro de explotación.
- Enerxía: gasóleo utilizado para o carro mesturador, limpeza de cubículos e outros.
- A man de obra estaría composta por 9 traballadores e 1 xerente cos importes que figuran na seguinte táboa:

Posto	Salario	SegSoc empresa	Total
Xerente	28.000	4.200	32.200
9 traballadores	95.823	37.800	133.623
		TOTAL	165.823

- Amortizacións técnicas: calculadas sobre unha vida de 40 anos para as instalacións e de 10 para a maquinaria e cun valor residual nulo ao final dese período.



- Os custes de oportunidade do capital circulante, calculado sobre unha taxa de xuro do 4 % para o período medio do ciclo de recría e do capital investido estimado sobre unha taxa de xuro do 2% e para o seu valor medio.

Seguros	34,5
Auga + Enerxía	33,7
Reparacións e mantemento	32,8
Amortizacións investimentos realizados	149,7
Amortización investimentos pendentes	48,2
Custe oportunidade capital circulante	7,0
Custe oportunidade capital invertido	66,1
TOTAL	372 €
Por mes	16,9 €
Por día	0,56 €

5.4. CUSTE TOTAL POR ANIMAL

O custe operativo por animal recriado no Centro durante 630 días segundo os cálculos do Informe da USC son 1.599 euros que corresponden a 2,42 euros por día. O custe total ascende a 1.870 euros, isto é, 2,83 euros por día ao engadirlle os custes de amortización dos investimentos e os de oportunidade do capital investido.



	Custes operativos	Custes totais
Alimentación	1.309	1.309
Sanidade	85	85
Man de obra	103,9	103,9
Seguros	34,5	34,5
Auga + Enerxía	33,7	33,7
Reparacións e mantemento	32,8	32,8
Amortización investimentos realizados		149,7
Amortización investimentos pendentes		48,2
Custe oportunidade capital circulante		7,0
Custe oportunidade capital invertido		66,1
TOTAL	1.599	1.870
Por mes	73	85
Por día	2,42 €	2,83 €

6.- PROCEDEMENTO PARA A ADMISIÓN NO CENTRO DE RECRÍA.

As solicitudes de admisión no Centro de Recría deberán remitirse por correo electrónico, fax, ou presencialmente á unidade administrativa do Centro. Nas solicitudes faranse constar os seguintes datos:

- Nome e DNI do titular da explotación solicitante
- Enderezo da explotación



As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Identificación da xovenca
- Cualificación sanitaria do animal
- Identificación da nai da xovenca, que deberá estar presente na folla de cualificación sanitaria (folla verde), para asegurar que á nai se lle realizaron as probas na granxa.
- Declaración veterinaria de que a explotación cumpre un manual de boas prácticas no manexo do parto, toma de calostro e administración de lacto-reemplazante, que deberá ser o mesmo que se utilice no centro de recría. Na declaración veterinaria deberá constar o nome do veterinario, número de colexiado, data e sinatura.

As restantes condicións e trámites fíxanse no Regulamento de organización e Funcionamento do Centro de Recría.

7.- ACTIVIDADES DO PROCESO PRODUCTIVO.

Desenvolverase un protocolo de actuación para ter controlado en todo momento o adecuado crecemento dos animais.

Dentro deste protocolo haberá un desenvolvemento de

7.1. ACTIVIDADE DIARIA.

- a) Control xeral dos animais
- b) Limpeza e desinfección de útiles de lactancia artificial
- c) Distribución adecuada de alimentos
- d) Control de encamado en boxes individuais e colectivos



e) Limpeza de pasillos de paso de maquinaria

Dentro deste protocolo pódense implementar máis tarefas segundo se vaia observando a necesidade das mesmas.

7. 2. ACTIVIDADE SEMANAL E QUINCENAL.

- a) Control de identificación animal
- b) Renovación de material de cama
- c) Limpeza e desinfección de boxes individuais para o seu novo uso
- d) Limpeza e desinfección de vehículos de transporte de animais
- e) Preparación de animais para o seu envío
- f) Limpeza do vado sanitario
- g) Recepción e envío de animais

Dentro deste protocolo pódense implementar máis tarefas segundo se vaian observando a necesidade das mesmas.

7.3. ACTIVIDADES PERIÓDICAS Y EVENTUALES.

- a) Enchido de almacéns.
- b) Limpeza da esterqueira.
- c) Limpeza da balsa de augas sucias.
- d) Análises de alimentos e de augas de consumo
- e) Tratamentos sanitarios (Vacunacións, desparasitacións, etc)
- f) Pesadas e medición de altura dos animais ao cambiar de patio.
- g) Eliminación de cadáveres
- h) Recorte de pezuñas
- i) Análises de suero de animais para o control de enfermidades infecciosas



Dentro deste protocolo pódense implementar máis tarefas segundo se vaian observando a necesidade das mesmas.

8.- PLAN DE BIOSEGURIDADE.

O plan de bioseguridade está detallado no Prego de Prescricións técnicas.

9.- SEPTIMA.-PROGRAMA DE DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN Y DESRATIZACIÓN.

O programa de desinfección, desinsectación e desratización está detallado no Prego de Prescricións técnicas.

10.- REXISTRO DE DATOS.

10.1. RELATIVO A ANIMAIS.

Impleméntanse programas informáticos para o rexistro de todas as actuacións a nivel individual e colectivo do centro:

- Identificación individual de cada animal
- Data de nacemento
- Datos de procedencia
- Datos xenealóxicos
- Datas de entrada e saída
- Tratamentos aplicados (vacunacións, desparasitacións, antibióticos, hormonais, etc...)
- Datos reprodutivos (inseminacións, apareamentos, índices, etc....)
- Analíticas efectuadas
- Rexistro de cambio de patio



10.2. RELATIVO A MEDICAMENTOS.

- Data de compra
- Rexistro da receita
- Anotación no libro oficial de tratamentos

10.3. RELATIVO A ALIMENTOS.

- Data de compra
- Natureza do alimento (penso, forraxe, etc...)
- Cantidade
- Rexistro de albarán e factura
- Anotación de almacén de destino
- Consumos

11.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Este proxecto de explotación complementase e intégrase:

- a) Co Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Recría, que se ocupa en síntese de ordenar a organización e desenvolvemento da iniciativa económica para a explotación e funcionamento do “Centro de Recría da Deputación Provincial de Lugo”, mediante a fixación do estatuto de dereitos e deberes das persoas que interveñan nas distintas actividades e función a realizar, co fin de protexer as instalacións do centro de recría e regular as relacións entre os usuarios, entidade concesionaria e a propia Deputación Provincial.
- b) Co prego de cláusulas administrativas particulares titulado “prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría da Deputación de Lugo “Gayoso Castro”, cuxo obxecto é a selección do contratista e disciplinar os dereitos e obrigas das partes contractuais, de conformidade co recollido no establecido no artigo 115 do TRLCSP e co contido previsto no artigo e no artigo 66 do Real Decreto



1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a saber:

- a) Execución do contrato e as súas incidencias
 - b) Dereitos e obrigas das partes, réxime económico
 - c) Modificacións do contrato, supostos e límites
 - d) Resolución do contrato
 - e) Extinción do contrato, recepción, prazo de garantía e liquidación.
- c) Co prego de prescricións técnicas particulares que en síntese define as condicións da prestación, de conformidade co artigo 116 do TRLCSP e co contido previsto no artigo 68 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

ANEXOS:

- **Anexo I:** Finca, instalacións e edificacións postas a disposición, valoración das mesmas.
- **Anexo II:** Maquinaria e equipamento que se considera necesaria, valoración.

A 28 de novembro de 2016

Asdo.: Juan José Fernández Granda.
Enxeñeiro T. Agrícola

Asdo.: Jaime Caldeiro Pérez
Enxeñeiro T. Agrícola



ANEXO I:

FINCA, INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS QUE SE VAN A POÑER A DISPOSICIÓN DA CONCESIONARIA DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO-CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- DESCRICIÓN DA FINCA E PARCELAS DO CENTRO DE RECRÍA.-

As edificacións e instalación necesarias para o funcionamento do Centro de recría da Deputación de Lugo "Gayoso-Castro" están comprendidas nunha finca sita ao carón do núcleo de Castro de Ribeiras de Lea, nas parroquias de Santiago de Duarría e San Pedro de Triabá no termo municipal de Castro de Rei cuxa superficie medida é de 1.827.064,95 m² (182,7 Ha).

Dentro da finca defínense dúas zonas, a zona A de 1.822.410,19 m² que será de uso para a concesionaria da xestión e explotación do centro de recría e a zona B de 4.654,76 m² cuxa superficie será de uso compartido entre a concesionaria e a Deputación de Lugo. Nos planos do presente Anexo pode observarse a definición, perímetro, lindeiros e superficie da finca así como das zonas A e B da mesma.

A zona A da finca será cedida para o seu uso por parte da entidade concesionaria incluído as instalacións e edificacións presentes na mesma.

A zona B da finca terá un uso compartido entre a Deputación de Lugo e a entidade concesionaria nos termos que así se determine no prego de cláusulas administrativas.

A finca está conformada polas seguintes parcelas catastrais na dimensión e lindeiros que figuran nos planos do presente Anexo:

Parcela 31 do polígono 221 de Castro de Rei, referencia catastral 27010A221000310000PO destinada a prados e praderías.

Parcela 9000 do Polígono 221, referencia catastral 27010A22109000 destinada a prados e praderías con algunhas frondosas.



Parte da parcela 40 do polígono 221, referencia catastral 27010A221000400000PJ, destinada maiormente a prados e praderías, cunha pequena zona de árbores frondosas.

Parte da parcela 41 do polígono 221, referencia catastral 27010A221000410000PE. A parcela está destinada maiormente a prados e praderías, con algunhas zonas de pinos, árbores frondosas e matogueira. Nesta parcela están incluídas as zonas pavimentadas das instalacións do centro de recría e contén a maior parte das edificacións e os camiños de circulación e acceso ás distintas zonas da mesma construídos en zahorra, que se encontran en bo estado de conservación.

Parcela 9003 do polígono 221, referencia catastral 27010A221090030000PZ, correspondente a unha vía de comunicación de uso público pertencente á Deputación de Lugo con parte pavimentada en rego asfáltico e parte en zahorra, ámbalas dúas en bo estado de conservación.

Parcela 9200 do polígono 221, referencia catastral 27010A221092000000PW, correspondente ao curso de auga denominado Río dos Corvos.

2.- DESCRIPCIÓN URBANÍSTICA DA FINCA.-

O municipio de Castro de Rei non ten aprobada unha figura de Planeamento Xeral, o día 17 de marzo de 2016 aprobouse provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal que aínda está en tramitación para ser aprobado definitivamente. Polo tanto é de aplicación a nivel urbanístico na finca do centro de recría as Normas Subsidiarias de planeamento Provincial de Lugo publicadas mediante a *Orde 14/5/1991 de 14 de maio de Normas complementarias e subsidiarias de planeamento de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra* e a *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*.

A totalidade da superficie da finca do centro de recría está clasificada como Solo Rústico.

3.- CRITERIOS TÉCNICOS EMPREGADOS NA VALORACIÓN DA FINCA.-

A valoración da finca rústica do centro de recría realízase segundo a *ORDE do 29 de decembro de 2014 pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de*



prezos medios de mercado aplicable a determinados inmuebles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2015.

A valoración da finca segundo a Orde citada entraría correctamente dentro dos cometidos do *Artigo 1. Obxecto da orde* respecto ao valor de prezos medios no mercado e a ser unha valoración totalmente obxectiva utilizada pola Consellería de Facenda no ámbito dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e sobre sucesións e doazóns.

A finca entra dentro do ámbito de aplicación de bens inmuebles de natureza rústica situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que con 1.827.064,95 m² de superficie é maior aos 100.000 m² do *Artigo 2. Ámbito de aplicación, punto 2* da Orde.

Para a determinación do valor da finca aplícanse os prezos medios no mercado recollidos no Anexo II da Orde, de acordo coas instrucións para a súa aplicación recollidas no Anexo I.

Na valoración da finca non se ten en conta o valor da madeira das árbores frondosas e piñeiros presentes en determinadas zonas da mesma posto que non forman parte do proceso produtivo da explotación do centro de recría.

Para o cálculo do valor da finca utilízase a ferramenta de aplicación da *Orde do 29 de decembro de 2014* disposta pola oficina virtual tributaria da Consellería de Facenda que subministra o valor real dun ben inmovible seguindo os parámetros comentados na Orde. Calculouse o valor unitario por m² para a parcela máxima de 100.000 m² que permite a aplicación segundo a súa clasificación urbanística actual de Solo Rústico, que implica o seu uso e rendemento futuro.

O valor da parcela de 100.000 m² detállase na ficha de valoracións segundo a Consellería de Facenda cunha valoración de 249.872 € e un valor unitario por m² de aproximadamente 2,50 €.



4.- VALORACIÓN DA FINCA.-

O valor total da zona A da finca obtense de multiplicar o valor unitario de 2,50 €/ m² pola superficie total da zona A da finca de uso pola concesionaria resultando un valor total polos 1.822.410,19 m² de 4.556.025,47 €.

O valor total da zona A da finca do centro de recría da Deputación de Lugo Gayoso Castro é de **4.556.025,47 €**.

5.- DESCRIPCIÓN DAS INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS.-

A finca do centro de recría presenta 38 edificacións coas súas respectivas instalacións tal e como se detalla nos planos adxuntos ao presente Anexo.

As instalacións e edificacións poden englobarse en 3 grupos construtivos:

1. Edificacións e instalacións existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás e que non se reformaron.
2. Edificacións e instalacións existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás que se reformaron para adecualas á futura actividade do centro.
3. Edificacións e instalacións non existentes na Granxa Gayoso-Castro antes dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás que constitúen obra nova.

Na seguinte táboa detállanse as características principais das edificacións así como a súa clasificación no grupo correspondente:

Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUTIVO	ACTUACIÓN FINAL	SUPERFICE (m ²)	ESTADO
01	Lazareto e área de intervención cirúrxica	2	Reformada	173,65	Bo estado
02	Almacén e taller de maquinaria agrícola	2	Reformada	204,20	Bo estado



Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUCTIVO	ACTUACIÓN FINAL	SUPERFICIE (m²)	ESTADO
03	Almacén de herba	2	Reformada	587,00	Bo estado
04	Garaxe do parque de maquinaria agrícola	2	Reformada	594,50	Bo estado
05	Edificio de control	2	Reformada	224,00	Bo estado
06	Nave área exame previo (recepción de becerras) e área de lavado de casetas	2	Reformada	865,90	Bo estado
07	Nave para aloxamento de casetas individuais de becerras	2	Reformada	944,60	Bo estado
08	Vestuarios, almacéns, aseo, caldeiras e pequeno local de lecer	2	Reformada	401,85	Bo estado
09	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
10	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
11	Nave de recría, transición	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
12	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
13	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1696,75	Bo estado
14	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1361,95	Bo estado
15	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	1361,95	Bo estado
16	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
17	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
18	Nave de recría, xestación	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
19	Nave de recría, cubrición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
20	Nave de recría, transición/cubrición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
21	Nave de recría, transición	3	Obra nova	2018,15	Bo estado
22	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
23	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
24	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado



Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUCTIVO	ACTUACIÓN FINAL	SUPERFICIE (m²)	ESTADO
25	Silos de forraxe (3)	3	Obra nova	586,00	Bo estado
26	Dixestor de metano	3	Obra nova	255,00	Bo estado
27	Dixestor de metano	3	Obra nova	255,00	Bo estado
28	Esterqueiras	3	Obra nova	1053,00	Bo estado
29	Balsa de dixestato	3	Obra nova	1300,50	Bo estado
30	Nave	1	Existente	113,00	Bo estado
31	Nave	1	Existente	102,00	Bo estado
32	Vivenda e oficinas	1	Existente	173,00	Bo estado
33	Oficinas	1	Existente	59,40	Bo estado
34	Edificio principal de oficinas	1	Existente	193,03	Bo estado
35	Rodiluvio	3	Obra nova	59,78	Bo estado
36	Rodiluvio	3	Obra nova	59,78	Bo estado
37	Silos de concentrado (10)	3	Instalación nova	-	Bo estado
38	Silos concentrado adxacentes segunda fase de lactancia (5)	3	Instalación nova	-	Bo estado

A Deputación de Lugo resérvase o uso exclusivo da planta baixa do edificio de oficinas nº 34 detallado no presente Anexo e planos do mesmo. A concesionaria utilizará a planta primeira do edificio que ten unha superficie de 193,03 m².

6.- VALORACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS.-

Segundo o grupo construtivo a valoración das instalacións e edificacións realízase da seguinte forma:

1. A valoración aplicada é a valoración catastral das edificacións.
2. A valoración aplicada é a valoración catastral das edificacións existentes máis a valoración que corresponde pola reforma realizada segundo os proxectos de



construción do centro de recría e da planta de biogás seguindo o *Artigo 18.2 do Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento de valoraciones de la Ley de Suelo.*

3. A valoración aplicada é a correspondente á construción do centro de recría e da planta de biogás seguindo o *Artigo 18.2 do Real Decreto 1492/2011.*

Como a reforma das edificacións existentes e a construción de novas segundo os proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás é actual e moitas instalacións e construcións están por estrear utilízase segundo o *Artigo 18.2 do Real Decreto 1492/2011* o valor das mesmas como o valor de reposición bruto en euros. O valor de reposición é o resultado de sumar ao valor catastral (asimilado como valor de mercado no caso de edificacións existentes antes da execución dos proxectos) os elementos que integran os custes de execución material da obra, os gastos xerais e o beneficio industrial do construtor, o importe dos tributos que gravan a construción, os honorarios profesionais por proxectos e dirección de obras e outros gastos necesarios para construír unha edificación, construción ou instalacións de similares características utilizando tecnoloxía e materiais de construción actuais. Posto que é moi difícil desagregar que parte da execución dos proxectos de construción do centro de recría e da planta de biogás corresponde a cada edificación realizouse un cálculo xeral do valor de reposición que é aplicable ao total das edificacións do grupo 2 e 3.

O valor de reposición das instalacións e edificacións do grupo 2 e 3 é de 9.692.479,80 €.

O valor catastral das instalacións e edificacións dos grupos 1 e 2 é de 171.295,10 €.

O valor total das instalacións e edificacións é de **9.863.774,90 €**.

Na seguinte táboa detállanse a aplicación das valoracións das instalacións e edificacións:

Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUTIVO	SUPERFICIE (m ²)	VALORACIÓN CATASTRAL	VALORACIÓN PROXECTOS
01	Lazareto e área de intervención cirúrxica	2	173,65	7.149,05	SI
02	Almacén e taller de maquinaria agrícola	2	204,20	8.406,78	SI
03	Almacén de herba	2	587,00	9.666,56	SI



Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUCTIVO	SUPERFICIE (m²)	VALORACIÓN CATASTRAL	VALORACIÓN PROXECTOS
04	Garaxe do parque de maquinaria agrícola	2	594,50	9.790,07	SI
05	Edificio de control	2	224,00	9.221,93	SI
06	Nave área exame previo (recepción de becerras) e área de lavado de casetas	2	865,90	14.259,41	SI
07	Nave para aloxamento de casetas individuais de becerras	2	944,60	15.555,42	SI
08	Vestuarios, almacéns, aseo, caldeiras e pequeno local de lecer	2	401,85	41.359,74	SI
09	Nave de recría, transición	3	1696,75	-	SI
10	Nave de recría, transición	3	1696,75	-	SI
11	Nave de recría, transición	3	1696,75	-	SI
12	Nave de recría, xestación	3	1696,75	-	SI
13	Nave de recría, xestación	3	1696,75	-	SI
14	Nave de recría, xestación	3	1361,95	-	SI
15	Nave de recría, xestación	3	1361,95	-	SI
16	Nave de recría, xestación	3	2018,15	-	SI
17	Nave de recría, xestación	3	2018,15	-	SI
18	Nave de recría, xestación	3	2018,15	-	SI
19	Nave de recría, cubrición	3	2018,15	-	SI
20	Nave de recría, transición/cubrición	3	2018,15	-	SI
21	Nave de recría, transición	3	2018,15	-	SI
22	Silos de forraxe (3)	3	586,00	-	SI
23	Silos de forraxe (3)	3	586,00	-	SI
24	Silos de forraxe (3)	3	586,00	-	SI
25	Silos de forraxe (3)	3	586,00	-	SI
26	Dixestor de metano	3	255,00	-	SI
27	Dixestor de metano	3	255,00	-	SI
28	Esterqueiras	3	1053,00	-	SI
29	Balsa de dixestato	3	1300,50	-	SI
30	Nave	1	113,00	4.652,13	NON
31	Nave	1	102,00	4.199,27	NON
32	Vivenda e oficinas	1	173,00	16.059,14	NON
33	Oficinas	1	59,40	7.288,95	NON
34	Edificio principal de oficinas	1	193,03	23.686,65	NON
35	Rodiluvio	3	59,78	-	SI
36	Rodiluvio	3	59,78	-	SI
37	Silos de concentrado (10)	3	-	-	SI
38	Silos concentrado adxacentes segunda fase de lactancia (5)	3	-	-	SI



Nº CONSTRUCCIÓN	INSTALACIÓN / EDIFICACIÓN	GRUPO CONSTRUCTIVO	SUPERFICE (m²)	VALORACIÓN CATASTRAL	VALORACIÓN PROXECTOS
TOTAL VALORACIÓN CATASTRAL				171.295,10 €	
TOTAL VALORACIÓN PROXECTOS					9.692.479,80 €
TOTAL VALORACIÓN INSTALACIONES E EDIFICACIONES					9.863.774,90 €

A 28 de novembro de 2016

Asdo.: Juan José Fernández Granda.
Enxeñeiro T. Agrícola

Asdo.: Jaime Caldeiro Pérez
Enxeñeiro T. Agrícola



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA



Agencia Tributaria
de Galicia



747160275830 4

TIPO DE BEN :

Piso, garaxe, trasteiro, oficina, loc. Comercial

Vivenda unifamiliar

Construcción industrial

Solo rústico

X

IDENTIFICACIÓN DO BEN :

PROVINCIA : LUGO

CONCELLO : Castro de Rei

PARROQUIA : Duarria (Santiago)

CARACTERÍSTICAS :

Descrición :

FINCA DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO CASTRO

Lugar :

Tormentosa

Superficie : 100.000,00

Cultivo : Agra, prado

Acceso : Estrada principal

VALORACIÓN :

Valor real a efectos fiscais: 249.872,00 € á data de devengo: 18-11-2016

CRITERIOS :

Valórase partindo dun módulo base a nivel municipal ó que se lle aplican os coeficientes correctores que correspondan en función das condicións de : situación (parroquia ou lugar), o cultivo e o acceso. Tómanse como base os estudos de mercado elaborados pos esta Consellería.

SELO :

Data de Impresión: 18-11-2016

A veracidade do contido deste documento pódese comprobar na dirección www.atriga.gal (Oficina Virtual Tributaria).

Código Seguro de Verificación: D8E5 EF6B A279 26EE



O valor facilitado ofrécese conforme ao disposto nos apartados 1.b) e 2 do artigo 15 da Orde de 28 de decembro de 2015, pola que se regulan os medios de comprobación de valor dos bens inmobles.

Polo tanto subministra o valor real a efectos fiscais do ben inmovible consultado e supón a aplicación dos valores publicados na citada orde.

Os valores fiscais obtidos aplicando este método e consignados na autoliquidación tributaria non poderán ser obxecto de comprobación por parte da Administración (artigo 134.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e artigo 15.3 da Orde de 28 de decembro de 2015) e a súa validez queda condicionada á veracidade dos datos introducidos polo usuario.

Recoméndase achegar o impreso xunto coa documentación requirida no momento de liquidar o tributo correspondente.



ANEXO II:

MAQUINARIA E EQUIPAMENTO QUE SE CONSIDERA NECESARIA PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO CENTRO DE RECRÍA GAYOSO-CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- ANTECEDENTES, DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE.-

O centro de recría de xovencas leiteiras Gayoso-Castro terá unha capacidade de aloxamento de entorno a 2.736 xovencas frisonas, serán xovencas procedentes de explotacións de vacún de leite privadas, recibíndoas cunha idade media de 15 días, saíndo deste centro cunha idade de entorno aos 21 meses, próximas ao parto.

É un proxecto ambicioso, cun volume considerable de gando a manexar, polo que as necesidades de maquinaria para a explotación amósanse a priori grandes, isto xunto coas diferentes idades do gando a tratar, fai que a maquinaria e equipamento a utilizar sexa variada tamén.

A entidade concesionaria obterá parte da comida necesaria para alimentar as reses de forraxes propios, concretamente da finca da Granxa da Deputación cedida para a explotación cun total de 182,2 ha e doutra parte alimentos que terá que mercar.

En canto aos traballos agrícolas para o aproveitamento axeitado da superficie da finca dispoñible, suponse que debido a unha alta especialización dos mesmos a entidade concesionaria contratará a empresas de servizos agrícolas, polo que, neste anexo, non se ten en conta a maquinaria para o ensilado, preparación de terras, sementeira de praderías e/ou millo, cabe destacar a proximidade de varias empresas de servizos que poden facer estes labores.

Debido ao gran volume da explotación, non se pode descartar outras futuribles posibilidades de manexo á hora de alimentar aos animais, como poden ser o carro mesturador fixo, cunha nave para elo e, tampouco non se pode descartar unha futura alimentación robotizada.



Para un óptimo estado de funcionamento da explotación a continuación reflíctese a maquinaria e equipamento que se considera necesaria para desenvolver a actividade de recría a maiores da contemplada e valorada no documento Anteproxecto de explotación e obras, relacionada fundamentalmente coa alimentación e eliminación de residuos da explotación. Sen prexuízo de que a concesionaria estime necesario máis maquinaria e equipamento para desenvolver correctamente a actividade.

2.- MAQUINARIA E EQUIPAMENTO.-

2.1. ALIMENTACIÓN.

TERMOS ELÉCTRICOS.

É necesario dispor de auga quente para a preparación de lacteo-reemplazantes, ademais de para a limpeza, para o cal, se propón a instalación de dous termos eléctricos coas seguintes características ou similares:

Termo eléctrico de aceiro inoxidable AISI-313 para produción e acumulación de auga quente sanitaria, comercial, instalación vertical ou horizontal, 500 l de capacidade, 6000 w de potencia eléctrica; instalación de superficie segundo NTE/IFC-33, caldeirín esmaltado ao titanio a 8500C, ánodo de magnesio de grandes dimensións, índice de protección IP 25 D, gran caudal de auga quente, voltaxe 230/400 TRI, tempo de quentamento 4,55 h.min., temperatura máxima exercicio de 80°C, dispersión térmica 65°C de 3,02 kWh/24h, presión máxima exercicio de 6 bar e un peso neto de 96 kg. Dimensións de 1.870 x 710 mm.

2.2. TRABALLOS DE LIMPEZA, MANEXO DE ALIMENTOS, ESTERCO E XURRO.

- ENCAMADORA.

Para encamar as camas de palla dos diferentes lotes, terá que responder as seguintes características ou similares:

Encamadora suspendida con mando eléctrico, con 1 picador, 2 m³ de anchura de caixa anchura total 1,76 m, peso 1.200 kg, dimensións máximas 2,70 x1,30 x1,20, dimensións de pacas redondas 1,95 m de diámetro, potencia mínima requirida pola T.D.F.51 kW (70 CV).



- CARGADORA FRONTAL “PALA”.

Para o manexo de esterco e comida dos animais, como apoio á cargadora telescópica e á minicargadora, aproveitando o tractor para estas funcións, será unha unidade, coas seguintes características ou similares:

Pala con monomando, suspensión e enganches rápidos, forza de arranque = 2160 kg, carga útil a 2 metros = 1824 kg, Carga útil a máxima altura = 1530 kg.

- REMOLQUE EXTENDEDOR ESTERCO.

Para transportar e distribuír o esterco xerado nas camas de palla e nos boxes, unha unidade que deberá ser do seguinte xeito ou similar:

De dous eixos e unha capacidade de 15 m³, equipado con grupo esparcidor de molinetes verticais de 2 columnas do tipo sinfín con páas planas atornilladas.

- REMOLQUE AGRÍCOLA.

Para o transporte de diferentes alimentos e outros, deberá ser unha unidade, coas seguintes características ou similares:

Remolque con dous eixos, freo hidráulico, amortiguación con ballesta en lanza. Carga máxima autorizada de 8.000 Kg. por eixo.

- CISTERNA PURÍN.

Para o transporte e distribución dos puríns como fertilizante, xerados despois do aproveitamento para a planta de biogás. Será necesaria unha unidade coas seguintes características ou similares:

Cuba de xurro fabricada en aceiro galvanizado con capacidade de carga mínima de 14.000 litros, dobre eixe, rodas serie ancha, ballestas, eixo autodireccional, acelerador carga, canón, brazo de carga.

- HIDROLIMPIADORA.

Para a limpeza de locais, casetas, máquinas, etc, dúas unidades, coas seguintes características ou similares:



Motor eléctrico de baixas revolucións, entorno a 1500, soporte porta-lanza e aloxamento de protección para boquiña na estrutura, bomba axial de tres pistóns con cabezal de latón, regulación de caudal e de presión: adaptación a tódalas esixencias de lavado, pistola ergonómica, lanza de 1050 mm. e manguera A.P de 10 m, depósito de deterxente integrado.

Tipo de corrente Ph /V/Hz 3/400/50, caudal (l/h) 650-1300, presión de traballo (bar/MPa) 30-180/3-18, Presión máx. (bar/MPa) 198/19,8.

Sería interesante que unha das unidades fora de auga quente, autónomo e que as dúas admitiran traballar con auga quente dos termos eléctricos.

2.3. VARIOS.

- EQUIPAMENTO VARIO PARA AS UNIDADES DE LIMPEZA E ALIMENTACIÓN.

Pequeno utillaxe e material para a unidade de limpeza, como son as mangueras, conexións de auga quente, cepillos de lavado, diferentes lanzas para as hidrolimpadoras, dosificadores de deterxente.

- QUEIXÓN DE TRASLADO.

Para trasladar aos animais máis xoves das casetas ás naves, que se poida acoplar á cargadora telescópica e á pala do tractor, para estes animais máis xoves non é operativa a manga de manexo existente.

Nas unidades de alimentación necesitaranse caldeiros para os boxes, gradas para a herba seca, conexións e mangueras, bebedeiros, nos boxes colectivos.

- EQUIPAMENTO PARA A ZONA DE RECEPCIÓN DE ANIMAIS E A ZONA DE PREPARADO DE LACTOREEMPLAZANTE.

Frigorífico para mostras, material cirúrxico básico, descornadores, piletas, cepillos, armarios estantes, limpador de botas, dosificadores e aplicador de desinfectante.

- UTILLAXE DIVERSO.

Roupa laboral, ferramentas manuais como cepillos, forquitas, rodos, palas, colector para lixo.



- SISTEMAS DE DESCARGA PARA SILOS DE PENSO.

Os silos de penso carecen de sinfíns para a carga nos carros mesturadores, trataríase de dotar de 5 sinfíns con motor accionado a distancia.

- SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA.

Equipos informáticos para a xestión do centro de recría, fotocopiadora, impresora, base de datos e programa específico para a xestión.

Equipo informático con cámaras para a vixilancia de animais e instalacións.

3.- ORZAMENTO ESTIMADO.

A continuación reflíctese a valoración aproximada do anteriormente descrito, a prezo de tarifa, sen I.V.E.

3.1. ALIMENTACIÓN.

Descrición	Prezo	Medición	Total
Termo eléctrico de 500 l	1.073,55 €	2,00	2.147,10 €
Termo eléctrico de aceiro inoxidable AISI-313 para produción e acumulación de auga quente sanitaria, comercial, instalación vertical ou horizontal, 500 l de capacidade, 6000 w de potencia eléctrica; instalación de superficie segundo NTE/IFC-33, caldeirín esmaltado ao titanio a 8500C, ánodo de magnesio de grandes dimensións, índice de protección IP 25 D, gran caudal de auga quente, voltaxe 230/400 TRI, tempo de quentamento 4,55 h.min., temperatura máxima exercicio de 80°C, dispersión térmica 65°C de 3,02 kWh/24h, presión máxima exercicio de 6 bar e un peso neto de 96 kg. Dimensións de 1.870 x 710 mm.			
SUBTOTAL			2.147,10 €

**3.2. LIMPIEZA, MANEXO ALIMENTOS, ESTERCO E XURRO.**

Descrición	Prezo	Medición	Total
Encamadora	13.736,00 €	1,00	13.736,00 €
Encamadora suspendida con mando eléctrico, con 1 picador, 2 m ³ de anchura de caixa anchura total 1,76 m, peso 1.200 kg, dimensións máximas 2,70 x1,30 x1,20, dimensións de pacas redondas 1,95 m de diámetro, potencia mínima requirida pola T.D.F.51 kW (70 CV).			
Cargadora frontal “pala”	6.122,30 €	1,00	6.122,30 €
Pala con monomando, suspensión e enganches rápidos, forza de arranque = 2160 kg, carga útil a 2 metros = 1824 kg, Carga útil a máxima altura = 1530 kg.			
Remolque extendedor de esterco	22.100,00 €	1,00	22.100,00 €
De dous eixos e unha capacidade de 15 m ³ , equipado con grupo esparcidor de molinetes verticais de 2 columnas do tipo sinfín con pás planas atornilladas.			
Remolque agrícola	8.190,62 €	1,00	8.190,62 €
Remolque con dous eixos, freo hidráulico, amortiguación con ballesta en lanza. Carga máxima autorizada de 8.000 Kg. por eixo.			
Cisterna purín	41.100,00 €	1,00	41.100,00 €
Cuba de xurro fabricada en aceiro galvanizado con capacidade de carga mínima de 14.000 litros, dobre eixe, rodas serie ancha, ballestas, eixo autodireccional, acelerador carga, canón, brazo de carga.			
Hidrolimpadora	1.994,75 €	2,00	3.989,50 €
Motor eléctrico de baixas revolución, entorno a 1500, soporte portalanza e aloxamento de protección para boquiña na estrutura, bomba axial de tres pistóns con cabezal de latón, regulación de caudal e de presión: adaptación a tódalas esixencias de lavado, pistola ergonómica, lanza de 1050 mm e manguera A.P de 10 m, depósito de deterxente integrado. Tipo de corrente Ph /V/Hz 3/400/50, Caudal (l/h) 650-1300, presión de traballo (bar/MPa) 30-180/3-18, Presión máx. (bar/MPa) 198/19,8.			
SUBTOTAL			95.238,42 €

3.3. VARIOS.

Descrición	Prezo	Medición	Total
Varios	60.000,00	1,00	60.000,00 €
Equipamento vario para implementación das actividades de limpeza e alimentación			
Queixón de traslado de animais das casetas ás naves			
Equipamento para a zona de recepción de animais e a zona de preparado de lactorreplazante			
Utilexe diverso: forcadors, rodos, cepillos, palas...			
Sistema de descarga para silos de penso			
Sistema de videovixilancia para control de animais			
SUBTOTAL			60.000,00 €




3.4. ORZAMENTO TOTAL ESTIMADO PARA MAQUINARIA E EQUIPAMENTO.

CONCEPTO	IMPORTE (Subtotal)
Alimentación	2.147,10 €
Limpeza	95.238,42 €
Varios	60.000,00 €
TOTAL (sen I.V.E.)	157.385,52 €

Estímase un orzamento para desenvolver de maneira óptima a actividade en canto a maquinaria e instalación a maiores da contemplada no Anteproxecto de explotación e obras de **157.385,52 Euros + I.V.E.**

A 28 de novembro de 2016


Asdo.: Juan José Fernández Granda.
Enxeñeiro T. Agrícola


Asdo.: Jaime Caldeiro Pérez
Enxeñeiro T. Agrícola